

**ALBERTO PENSADO SEIJAS, en calidade de Secretario Accidental do Concello de Marín,**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na súa sesión celebrada o día 24 de xullo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**Inicio de tramitación de expediente de contratación do suministro e instalación de alumado de Nadal no Concello de Marín 2024 (Expte.: 2024 CO143-007).**

Tal e como se vén facendo en anos anteriores, é tradición alumear os espazos públicos máis significativos e as principais rúas da cidade, coincidindo con diversas celebracións que teñen lugar na tempada do Nadal, tendo como obxectivos principais o promover a imaxe da cidade de forma que se xere unha maior afluencia de visitantes, así como unha maior actividade comercial durante estes períodos.

Aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), en relación co artigo 116 do citado texto legal, xustifícase a necesidade de acudir ó contrato administrativo de subministro, previsto no artigo 16 LCSP, en base á insuficiencia de medios persoais e materiais propios deste concello para levar a cabo dita actuación.

Segundo o art. 25.2.h) da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local (LBRL), os concellos teñen competencia propia sobre a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e o art. 80.2.n) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (LALGA) establece que os municipios teñen competencia propia sobre as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

Á vista das devanditas competencias e non contando con medios propios para o desenvolvemento das actuacións obxecto do presente contrato, cómpre recorrer a medios externos mediante os mecanismos de contratación pública, segundo o disposto no artigo 86.2.b) da LBRL.

O obxecto do subministro consiste no arrendamento, instalación, mantemento e desmonte das luminarias, e de todos os elementos ornamentais, así como dos seus soportes e ancoraxes. Así mesmo, inclúe tamén os gastos de legalización, autorización, inspección regulamentaria, e calquera outro gasto asociado á posta en marcha e funcionamento da instalación. Trátase dun subministro con instalación en réxime de alugueiro, polo que os elementos non pasan a ser propiedade do Concello unha vez cumprida a prestación.

A necesidade desta contratación vén dada polo interese de promover a imaxe da cidade de forma que se xere unha maior afluencia de visitantes e unha maior

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014406800S3Y6M7X0D5I8 en <a href="https://sede.concellodeamarin.es">https://sede.concellodeamarin.es</a>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 24/07/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 24/07/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/07/2024 10:54:25</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-092 Fecha: 19/07/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
--	---	--



actividade comercial durante a tempada de Nadal, buscando así a promoción de actividades de ocupación do tempo libre e o turismo.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co art. 150.2 da LCSP 9/2017, e no exercicio da delegación conferida por resolución da Alcaldía do 20/06/2023, por unanimidade dos membros presentes, **acorda:**

**Primeiro.** Iniciar a tramitación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto, do contrato de “Subministro e instalación de alumeado de Nadal no Concello de Marín 2024”.

**Segundo.** Que se incorpore ao expediente o pertinente prego de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer na posterior licitación, así como o preceptivo informe xurídico, o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención municipal.

**Terceiro.** Publicar o presente acordo no perfil do contratante desta Administración, aos efectos previstos no artigo 116.1 da LCSP.

E para que así conste, coa salvedade a que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expídese a presente certificación, por orde e co visto e praxe da Sra. Alcaldesa-presidenta, en Marín, na data que figura ó pé deste documento, que é asinado dixitalmente.

Vº e praxe,  
A ALCALDESA

María Ramallo Vázquez

CSV: 07E80014406800S3Y6M7X0D5I8

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80014406800S3Y6M7X0D5I8 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a></p>	<p style="text-align: center;"><b>FIRMANTE - FECHA</b></p> <p style="text-align: center;">ALBERTO PENSADO SEIJAS-Secretario Acctal. - 24/07/2024 MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 24/07/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/07/2024 10:54:25</p>	<p>EXPEDIENTE : 2024SE001-092 Fecha: 19/07/2024 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL</p>
---	---	--

